



O Consello de Contas entrega ao Parlamento a memoria e os informes elaborados en execución do Plan de Traballo de 2012

- A presidenta do Parlamento, Pilar Rojo recibiu no seu despacho ao presidente do Consello de Contas, Luciano Fariña, que lle fixo entrega da documentación

Santiago, 1 de agosto de 2013.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, recibiu esta mañá ao conselleiro maior do Consello de Contas, Luciano Fariña Busto, que lle fixo entrega da memoria de actividades e os informes elaborados en execución do Plan de Traballo para 2012.

O exercicio obxecto dos informes é o 2010, coas excepcións que se sinalan no cadro que se achega

A documentación remitida inclúe os seguintes documentos e informes:

DOCUMENTOS	
-	Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2012.
-	Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2012.
-	Ditame sobre financiación público-privada
-	Informe sobre contas rendidas en 2012 correspondentes ao exercicio 2011

INFORMES DE FISCALIZACIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA:	
	Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2010
	Programas de investigación, desenvolvemento e innovación, ex. 2009-2010
	Fondos Europeos, ex. 2010
	Eleccións ao Parlamento de Galicia, 2012
	Conta Xeral do Sergas, ex. 2010
	Fiscalización selectiva Fundación Pública de Medicina Xenómica
	Conta Xeral das entidades locais de Galicia, ex. 2010
	Concello de Santiso, ex. 2010
	Concello de Antas de Ulla, ex. 2010
	Concello das Nogais, ex. 2010
	Concello de Agolada, ex. 2010
	Concello de Rodeiro, ex. 2010
	Concello de Noia, ex. 2010
	Concello de Carballeda de Avia, ex. 2009
	Cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas das entidades locais de Galicia

Logo de superar os trámites regulamentariamente previstos, que contemplan, entre outros, a posta de manifesto do anteproxecto de informe aos entes obxecto de fiscalización e a recepción das súas alegacións (coa salvidade da Declaración definitiva sobre a conta xeral da comunidade autónoma, do Informe sobre Eleccións ao Parlamento de Galicia, 2012, da Conta Xeral das Entidades Locais e do Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas das entidades locais de Galicia), todos os informes foron aprobados no Pleno do Consello de Contas pola unanimidade dos seus membros.



Toda a documentación estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es) e na do Consello de Contas (www.ccontasgalicia.es).

Informes de Conta Xeral

O Consello de Contas fiscalizou de xeito específico as contas correspondentes ao exercicio 2010 das seguintes entidades:

- Conta Xeral da C.A.
- Conta Xeral do organismo autónomo SERGAS

Os traballos desenvolvidos, realizados conforme aos principios e normas de auditoría do sector público permiten declarar que *a Conta Xeral da Comunidade Autónoma reflicte razoablemente a actividade económico-financeira desenvolvida no exercicio 2010, presentando deficiencias na contabilidade patrimonial e estando afectada a súa representatividade polas salvidades e limitacións sinaladas nos informes de fiscalización.*

Informes de fiscalización

Preséntanse tamén os seguintes informes de fiscalización, previstos no Plan de Traballo:

- Programas de investigación, desenvolvemento e innovación, ex. 2009-2010
- Fondos Europeos, ex. 2010
- Eleccións ao Parlamento de Galicia, 2012
- Fiscalización selectiva Fundación Pública de Medicina Xenómica
- Concello de Santiso, ex. 2010
- Concello de Antas de Ulla, ex. 2010
- Concello das Nogais, ex. 2010
- Concello de Agolada, ex. 2010
- Concello de Rodeiro, ex. 2010
- Concello de Noia, ex. 2010
- Concello de Carballeda de Avia, ex. 2009
- Cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas das entidades locais de Galicia



Rendición de Contas en 2012

1. Sector público autonómico (do exercicio 2011):

Entidades	En prazo	Fóra de prazo	Non renderon
Parlamento	1		
Integrando a Conta Xeral da Comunidade Autónoma			
Administración Xeral da Comunidade Autónoma	1		
SERGAS	1		
Organismos Autónomos	11		
Axencias	1		
Entes de dereito público	11		
Sociedades Públicas	22		
Fundacións	49		
Consortorios	7		
Fondos sen personalidade xurídica			6
Rendidas directamente ao Consello de Contas			
Fundacións	4	2	16
Sociedades Públicas			2
Consortorios	1		2
Universidades e Entes Dependentes	3		8
Cámaras de Comercio	8	2	
Confrarías de pescadores	48	15	4
TOTAL	168	19	38

Respecto a outras entidades sometidas a obriga de rendición cómpre sinalar o seguinte:

1. Non foron rendidas as contas dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario que teñen a consideración de corporacións de dereito público sometidas ao control do Consello de Contas.

No *Informe sobre contas rendidas en 2012 correspondentes ao exercicio 2011* figura con detalle a información anterior.



2. Sector público local:

Os datos de rendición de contas das Entidades Locais correspondentes ao **exercicio 2010**, a data 1 de xaneiro de 2013, son os seguintes:

ENTIDADES		CONTAS REMITIDAS						TOTAL REMITIDAS		NON REMITIDAS	
		CONTAS RENDIDAS				DOCUMENTACION CON DEFECTOS					
		EN PRAZO		FÓRA DE PRAZO							
Concellos	Mais de 50.000	5	71,43%	2	28,57%	0	0,00%	7	100,00%	0	0,00%
	20.001-10.000	4	26,67%	9	60,00%	2	13,33%	15	100,00%	0	0,00%
	10.001-20.000	10	28,57%	21	60,00%	5	14,29%	36	102,86%	0	0,00%
	10.001-5.000	30	51,72%	25	43,10%	3	5,17%	58	100,00%	0	0,00%
	menos de 50.000	127	63,50%	62	31,00%	10	5,00%	199	99,50%	0	0,00%
<i>Total concellos.</i>		176	55,87%	119	37,78%	20	6,35%	315	100,00%	0	0,00%
Deputacións		3	75,00%	1	25,00%	0	0,00%	4	100,00%	0	0,00%
Mancomunidades		12	30,00%	11	27,50%	8	20,00%	31	77,50%	9	22,50%
Consortorios		8	33,33%	7	29,17%	3	12,50%	18	75,00%	6	25,00%
Entidades Locais Menores		3	33,33%	1	11,11%	0	0,00%	4	44,44%	5	55,56%
TOTAL		202	51,53%	139	35,46%	31	7,91%	372	94,90%	20	5,10%

Un total de 20 entidades (5,10 % do total) non remitiron a conta xeral. Comparando os datos de rendición de 2010 cos de exercicios anteriores, resulta o resumo que segue agrupado por tipos de entidades. Como valoración xeral, destacar o feito de que este ano todos os concellos renden a súa conta, con un incremento significativo da porcentaxe de concellos que renden en prazo, que neste exercicio 2010 ascende ao 51,53% dende o 32,65% do exercicio anterior.



Entidades que non remiten a conta xeral.

EXERCICIO/ ENTIDADES		2006	2007	2008	2009	2010
		nº	nº	nº	nº	nº
Concellos	<i>Menos de 5.000 hab.</i>	4	6	5	6	0
	<i>5.001-10.000</i>	0	1	0	0	0
	<i>10.001-20.000</i>	0	0	0	0	0
	<i>20.001-50.000</i>	0	0	1	1	0
	<i>mais de 50.000</i>	0	0	0	0	0
Total concellos		4	7	6	7	0
Deputacións		0	0	0	0	0
Mancomunidades		14	15	16	13	9
Consortios		7	8	8	6	6
Entidades Locais Menores		4	3	3	3	5
Total Entidades Básicas		29	33	33	29	20

No informe *Conta Xeral das Entidades Locais* figura con detalle a información anterior.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.